



CERTAME GALEGO DE BANDAS DE MÚSICA

A presente convocatoria ten como obxectivo fomentar e estimular a actividade musical, pois representa unha parte fundamental do noso patrimonio musical, así como proporcionar á cidadanía un evento de referencia para coñecer a cultura bandística.

Neste marco, a Federación Galega de Bandas de Música establece as bases que rexerán o Certame Galego de Bandas de Música, que se desenvolverá grazas ao apoio da AGADIC da Xunta de Galicia.

Índice

1. Lugar e datas	2
2. Comité organizador	2
3. Participación	2
4. Inscripción	4
5. Selección das bandas participantes	5
6. Desenvolvemento do Certame	7
7. Xurado	9
8. Achegas, premios e distincións	10
9. Acto de clausura	11
10. Penalizacións	12
11. Aceptación e interpretación das bases	12

1. Lugar e datas

O Certame Galego de Bandas de Música Populares terá lugar entre os días **18 e 19 de outubro** no **Pazo da Cultura de Pontevedra**.

2. Comité organizador

O Comité organizador será o órgano de goberno, administración e coordinación de todos os aspectos do Certame. Estará constituído por directivos, traballadores e voluntariado da Federación Galega de Bandas de Música Populares (FGBMP) e presidido polo presidente desta federación. O Comité organizador poderá estar asistido por asesores técnicos coa finalidade de colaborar no bo funcionamento e organización do Certame.

3. Participación

Poderán participar bandas de música non profesionais, independente da súa procedencia.

3.1 Seccións

As bandas participantes deberán inscribirse nalgunha das seguintes seccións:

- **Sección primeira**
 - Obra obrigada: *Diálogos con Arturo Souto*, de Álvaro Cámara.
 - Tempo máximo de actuación: 60 minutos.
- **Sección segunda**
 - Obra obrigada: *O soño de Luzbel*, de Vicente Carrasco.
 - Tempo máximo de actuación: 50 minutos.
- **Sección terceira**
 - Obra obrigada: *A viaxe de Teucro*, de Calos Rodríguez Torres.
 - Tempo máximo de actuación: 40 minutos.
- **Sección xuvenil**
 - Obra obrigada: *O bosque dos druídas*, de Francisco José Villaescusa López.
 - Tempo máximo de actuación: 30 minutos.
 - Límite de idade: 19 anos (non poderán ter cumpridos os 20).
- **Sección infantil**
 - Obra obrigada: *A miña primeira rapsodia*, de Sergio Rodríguez.
 - Tempo máximo de actuación: 20 minutos.
 - Límite de idade: 14 anos (non poderán ter cumpridos os 15).

O tempo de actuación contabilizarase entre o inicio da obra de presentación e o final da obra libre.

As obras obrigadas pódense consultar aquí: [Obras obrigadas 2025](#).

3.2 Número de participantes

O número máximo de bandas participantes será de:

- **Sección primeira:** 4 bandas.
- **Sección segunda:** 4 bandas.
- **Sección terceira:** 5 bandas.
- **Sección xuvenil:** 3 bandas.
- **Sección infantil:** 3 bandas.

3.3. Integrantes das bandas

- Establécese un mínimo de 25 compoñentes para todas as categorías. O número máximo virá determinado pola capacidade do escenario, garantindo a seguridade de todas as persoas que estean nel.
- As bandas participantes poderán comparecer con integrantes propios, integrantes alleos ou reforzos:
 - **Integrantes propios:** persoas federadas na propia banda dadas de alta no censo da Federación.
 - **Integrantes alleos:** persoas federadas noutra banda diferente dadas de alta no censo da federación.
 - **Reforzos:** persoas non dadas de alta en ningunha banda integrante da federación. Ata 5 participantes por banda.
- As bandas deberán facilitar unha relación da totalidade dos posibles integrantes participantes tal e como se indica no apartado 4.2. *Documentación a presentar.*
- Nas seccións infantil e xuvenil, as agrupacións terán a posibilidade de incorporar ata 5 integrantes da propia agrupación que superen ata en 3 anos o límite de idade da sección:
 - **Sección xuvenil:** non poderá ter cumpridos os 23 anos.
 - **Sección infantil:** non poderá ter cumpridos os 18 anos.
- Para garantir a equidade e a distribución de oportunidades de músicos/as profesionais, non se permite que unha persoa poida participar en máis dunha banda da mesma sección.

4. Inscripción

4.1. Prazo e forma

O prazo de inscrición estenderase entre os días **1 e 18 de maio de 2025**. As solicitudes realizaranse no seguinte [formulario](#)¹. O enderezo certame@bandas.gal será o **único método válido de envío e recepción de información ou documentación**. O Comité organizador non se fará responsable da recepción de correos enviados a outros enderezos físicos ou electrónicos.

4.2. Documentación a presentar

As bandas participantes deberán remitir a seguinte documentación:

Con **data límite 20 de xuño**:

- Historial da banda e currículo do director: documentos de texto plano cun máximo de 1200 caracteres cada un.
- Entre 2 e 4 fotografías da banda e 1 ou 2 fotografías do/a director/a.
- Logo da banda en formato dixital.
- Copia dixital do CIF da asociación.
- Partitura xeral da obra de presentación e da obra libre a interpretar en formato PDF. Non se admitirán partituras condensadas para a obra libre.

Con **data límite 2 de setembro**:

- Relación da totalidade dos posibles integrantes participantes expedida polo/a secretario/a da banda co visto e prace do/a presidente/a, separando integrantes propios, integrantes alleos e reforzos e ordenados alfabeticamente polo primeiro apelido. Nesta relación, indicarse o nome completo, enderezo, data de nacemento, o número de DNI e o instrumento co que participan.
- Plano de colocación dos músicos e movementos que realizarán no escenario (exceptuando os habituais da percusión) xunto con calquera indicación a ter en conta para a gravación.
- Relación dos instrumentos facilitados polo Comité organizador dos que farán uso.
- Relación das persoas que participarán na montaxe e colocación do escenario.

O Comité organizador terá competencia para controlar e vixiar a composición do cadro de integrantes das bandas participantes. A ese efecto, queda plenamente facultado para adoptar todas as medidas que sexan oportunas para realizar o traballo de investigación, vixilancia e control e para requirir a documentación que estime necesaria das bandas participantes.

¹ <https://forms.gle/PNAGP21stGqLE9LY9>

4.3. Fianza

As bandas non inscritas na Federación Galega de Bandas de Música Populares deberán depositar unha fianza por valor de 400 euros como garantía da súa participación, que será reintegrada na conta bancaria previamente solicitada. Perderán a fianza aquelas bandas admitidas que non se presenten ao Certame.

A información do prazo de ingreso e os datos bancarios informaranse de forma privada despois da realización do sorteo de participantes e resoltas as posibles dúbidas.

4.4. Dereitos de autor

O feito de participar neste Certame leva consigo a cesión de todos os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, así como o dereito de imaxe e utilización do nome. Acéptase tamén que as actuacións se graven en audio ou vídeo, se transmitan a través de Internet, radio ou televisión en directo ou en diferido, ou se editen discográfica ou videograficamente sexa cal sexa o soporte magnético, óptico ou informático para a distribución do arquivo. Estas cesións enténdense efectuadas polo máximo tempo legalmente recollido no Real Decreto legislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais lexislacións relacionadas.

O Comité organizador queda exento de calquera eventual reclamación extraxudicial ou xudicial dos dereitos de propiedade intelectual de autoras/es, artistas, intérpretes, executantes e directoras/es relacionada coa interpretación das composicións seleccionadas polas participantes.

5. Selección das bandas participantes

5.1. Sorteo

Revisadas as inscricións para ver se cumpren os requirimentos, realizarase un sorteo público o **22 de maio ás 12:00 horas** para establecer as bandas seleccionadas, así como a orde da súa actuación. Con base neste sorteo, a última banda participante do domingo deberá tocar o Himno galego no acto de clausura do Certame.

5.2. Procedementos para inscricións que superan a cota ou inscricións unitarias

Cando o número de bandas inscritas exceda a cota prevista nas bases, o Comité organizador convidará a estas bandas a participar noutra sección que presente prazas vacantes sempre que cumpra as condicións recollidas nestas bases en relación ás características dos compoñentes. De non aceptar, escolleranse ou sortearanse 2 bandas que quedarán en

reserva para cada sección e que terán praza garantida na mesma sección da seguinte edición do Certame.

Se houber máis bandas sen praza que prazas noutras seccións dispoñibles, priorizarase primeiro por orde de sección (primeira > segunda > terceira > xuvenil > infantil) e, dentro da sección, por orde de inscrición.

Se nunha sección houberse inscrita só unha banda, e non aceptase o cambio a outra sección, poderá competir de xeito individual na que está inscrita posto que os premios non teñen que ser distribuídos de xeito obrigatorio e poden quedar desertos cando a xuízo do Xurado non se acadase unha puntuación suficiente para recibilos.

5.3. Reserva de prazas para bandas federadas

En todas as seccións reservarase a metade máis unha das prazas para as bandas federadas na FGBMP. De non completarse estas prazas, poderán ser ocupadas por bandas galegas, nacionais ou estranxeiras non federadas.

5.4. Procedemento para establecer a prioridade na selección do repertorio

No caso de repetición dalgunha peza, terá preferencia a primeira banda inscrita que escolla o repertorio en cuestión. No caso da obra de presentación, as demais formacións deberán modificar a elección do seu programa elixindo unha diferente. No que respecta á obra libre, as bandas poderán decidir entre presentarse coa mesma ou escoller outra no prazo de 10 días naturais.

5.5. Concerto promocional

As bandas seleccionadas deberán realizar e promocionar un concerto nun lugar e nunha data elixida libremente antes do 30 de setembro. O programa deste concerto será libre, non sendo obrigatorio que actúen co repertorio seleccionado para o Certame.

O concerto promocional deberá de incluír nas redes sociais da banda participante toda a publicidade das institucións e entidades colaboradoras segundo as indicacións do Comité organizador, así como nos carteis físicos e dixitais. As bandas deberán de achegar ademais un mínimo de 2 fotografías do evento para a súa posterior xustificación. A comunicación deste concerto farase cunha **antelación mínima de 20 días naturais**.

6. Desenvolvemento do Certame

6.1. Horarios e organización das actuacións

6.1.1. Chegada e recepción

As bandas deberán presentarse no lugar da actuación nas datas e horarios establecidos polo Comité organizador. Na hora designada, cada banda deberá concentrarse en silencio na entrada do auditorio, onde será recibida por un integrante do Comité. A persoa designada pola banda como responsable de comunicación deberá contactar co Comité, garantir o cumprimento dos horarios, seguir as instrucións proporcionadas e responsabilizarse dos integrantes da súa agrupación.

6.1.2. Preparación e control de participantes

Tras ser recibida, a banda será conducida á sala de preparación, onde disporá de 10 minutos para depositar vestiario non utilizado, obxectos persoais e estoxos dos instrumentos. Recoméndase que os integrantes da banda veñan xa cambiados para evitar demoras.

Durante este tempo, o Comité poderá levar a cabo a verificación dos participantes. A identificación realizarase mediante a presentación do documento de identidade (orixinal ou copia física ou dixital) ou outro documento oficial válido. A non presentación da documentación requirida impedirá o acceso ao escenario.

6.1.3. Quecemento e afinación

Seguidamente, a banda poderá permanecer na mesma sala ou ser trasladada a outra, onde disporá de aproximadamente 30 minutos para quecemento e afinación. Se a verificación de participantes non se realizou previamente, efectuarase neste momento.

6.1.4. Montaxe e colocación no escenario

Na hora indicada, o Comité organizador acompañará a banda ao escenario. O persoal de montaxe designado pola banda accederá para colocar instrumentos, cadeiras e atrás, podendo contar co apoio do persoal da Organización. Esta tarefa deberá realizarse con precisión e sen causar molestias, tendo en conta a presenza do público, o Xurado e a gravación e retransmisión en directo. O tempo dispoñible para a montaxe será determinado polo Comité organizador segundo as características de cada banda, cun límite máximo de 15 minutos.

O distribución do escenario será común para todas as bandas participantes, que deberán respectar a disposición dos instrumentos preestablecida, aínda que poderán utilizar material propio de percusión auxiliar ou amplificación. A colocación dos instrumentos principais de percusión será responsabilidade exclusiva do Comité organizador, e non se

permitirán modificacións que poidan causar atrasos ou interromper o desenvolvemento do Certame.

A realización de cambios significativos nas persoas designadas como equipo de montaxe ou no plano de distribución presentado poderá levar a sancións de ata 100 euros, a criterio do Comité organizador.

6.1.5. Actuación

Unha vez finalizada a montaxe, os integrantes da banda ocuparán os seus lugares e poderán realizar os últimos axustes de afinación. Seguidamente, anunciarase por megafonía a banda e director/a, quen accederá ao escenario e indicará á agrupación que realice o saúdo inicial, despois do cal se solicitará permiso ao Xurado para comezar a actuación.

Ao finalizar cada peza, a banda poderá saudar ao público unha única vez de forma conxunta, sen levantar a posibles solistas. Se o considerasen necesario, tamén poderán realizar pequenos axustes de afinación.

6.1.6. Desmontaxe e saída

Ao finalizar a actuación, a banda volverá á sala de preparación para recoller os seus instrumentos, obxectos persoais e vestiario, e deberá abandonar a sala nun prazo máximo de 10 minutos. Tanto a sala como o auditorio deberán quedar limpos e ordenados; en caso contrario, poderá aplicarse unha sanción de ata 200 euros.

A banda encargada de interpretar o Himno Galego durante a cerimonia de clausura non estará suxeita a este prazo, debendo permanecer nun espazo próximo ao escenario, indicado polo Comité, ata a finalización do Certame.

6.2. Programa

6.2.1. Obra de presentación

Previamente ao concurso, interpretarase unha composición galega de presentación que non será avaliada polo Xurado.

6.2.2. Obra obrigada

Xa en concurso, cada banda interpretará unha obra obrigada específica para a súa sección. As dúbidas sobre estas pezas deben comunicarse ao Comité organizador, quen remitirá as respostas ou aclaracións do/a compositor/a a todas as bandas da mesma sección.

6.2.3. Obra libre

Para concluír a súa actuación, todas as bandas interpretarán unha obra de libre elección, que en ningún caso poderá ser unha obra para solista e banda.

6.3. Aprazamentos e interrupcións por causas xustificadas

O Comité organizador adoptará as medidas necesarias para garantir o correcto desenvolvemento do Certame. No caso de que algunha actuación deba ser aprazada ou interrompida por causas xustificadas, o Comité organizador tomará as decisións oportunas para a súa resolución posterior.

7. Xurado

7.1. Composición

As actuacións serán valoradas por un Xurado integrado por 3 personalidades de recoñecido prestixio no mundo da música de banda e estarán asistidos por un/unha secretario/a designado/a pola directiva da FGBMP con voz mais sen voto.

7.2. Avaliación

7.2.1. Ficha de avaliación

O Xurado avaliará a obra obrigada e a obra libre que presente cada banda emitindo unha valoración de 1 a 10 puntos, admitíndose fraccións de medio punto, por cada un dos seguintes aspectos:

1. Afinación
2. Calidade sonora
3. Precisión rítmica
4. Control da dinámica
5. Articulación e técnica
6. Axuste e coordinación de conxunto
7. Planos sonoros e equilibrio
8. Estilo e interpretación
9. Creatividade e expresión musical
10. Unidade e intención da interpretación

7.2.2. Puntuación final

Por cada minuto ou fracción de minuto que unha banda participante incumpra os tempos límite da súa sección, o Xurado aplicará unha penalización de 12 puntos. A puntuación final

calcularase sumando os puntos obtidos nos bloques de valoración e restando as penalizacións establecidas nestas bases, presentando o resultado nunha escala de 0 a 100 puntos posibles.

7.2.3. Acta de avaliación

A decisión do Xurado darase a coñecer mediante unha acta de avaliación que pasará a coñecemento do Comité organizador para a súa difusión pública.

7.2.4. Recurso e declaración de premio deserto

A decisión do Xurado será definitiva e inapelable, non admitindo reclamación ou recurso. Ademais, o Xurado pode declarar deserto un ou máis premios se ao seu xuízo a calidade das interpretacións ou execucións non acada unha puntuación suficiente para ser merecedora de dita distinción.

8. Achegas, premios e distincións

8.1. Achega por participación e compensación do concerto promocional previo

En concepto de participación no Certame e para compensar o concerto promocional previo, as bandas terán dereito a percibir as seguintes cantidades en función da sección onde participen:

- Sección primeira: 3000 €
- Sección segunda: 2500 €
- Sección terceira: 2000 €
- Sección xuvenil: 1000 €
- Sección infantil: 1000 €

As bandas terán dereito a recibir, en concepto de axuda para o transporte, un importe de 2 euros por cada quilómetro que separe o punto do orixe da banda e o auditorio, cun máximo de 1000 euros.

8.2. Premios

De acordo co criterio do Xurado, concederanse os premios indicados na seguinte táboa.

	Primeiro premio	Segundo premio	Terceiro premio
Sección primeira	4000 €	2000 €	1500 €
Sección segunda	3000 €	1500 €	1000 €
Sección terceira	2000 €	1000 €	750 €
Sección xuvenil	1500 €	750 €	-
Sección infantil	1000 €	500 €	-

8.3. Distincións

8.3.1. Interpretación dunha obra libre de autoría ou temática galega

Establécese unha única distinción no Certame por un importe de 500 € á interpretación dunha obra libre de autoría ou temática galega que segundo o criterio do Xurado mereza tal recoñecemento.

8.3.2. Dirección

Establécese unha única distinción no Certame por un importe de 500 € para o/a mellor director/a de banda que segundo o criterio do Xurado mereza tal recoñecemento.

8.4. Diplomas

Todos os premios e distincións definidos nestas bases irán acompañados da entrega dun diploma acreditativo dos mesmos que será entregado no acto de clausura aos representantes das diferentes bandas que participan.

9. Acto de clausura

Unha vez rematada a actuación da última banda programada para a xornada do domingo, procederase ao acto de clausura do Certame, no que intervirán representantes da FGBMP e das autoridades políticas ou culturais que designe o Comité organizador.

A continuación, procederase á entrega dos premios do Certame, para a cal os representantes das bandas participantes no Certame subirán ao escenario para recoller os premios e diplomas de participación. A non asistencia a este acto por parte dunha banda suporá a renuncia á parte económica.

Para pechar o acto de clausura, a banda designada no sorteo interpretará o Himno galego.

10. Penalizacións

O incumprimento dalgún dos apartados anteriores ou a non presentación da documentación na forma e/ou no prazo sinalado poderá levar aparellada unha sanción económica. O total das sancións nunca superará o 50% da súa axuda por participación.

Se algunha das bandas seleccionadas para intervir no Certame non o fixese ou non se presentara en tempo e forma no horario establecido polo Comité organizador, quedará inhabilitada para intervir no Certame durante tres anos consecutivos, sen prexuízo da indemnización polos danos derivados, que se estiman na contía mínima de 4000 €, salvo concurrencia de forza maior.

11. Aceptación e interpretación das bases

1. A inscrición no Certame supón a completa aceptación das súas bases.
2. O Comité organizador resérvase o dereito a modificar as bases ou adoptar as decisións sobre aspectos non regulamentados nas mesmas por razóns de forza maior ou de interese público que cause un maior éxito do Certame.
3. As decisións tomadas polo Comité organizador na execución e desenvolvemento das presentes bases e todas aquelas cuestións non previstas resolveranse, en cada caso, de maneira irrevogable polo propio comité.
4. Este Certame organízase para estimular a participación das bandas de música populares e promocionar os valores de igualdade, solidariedade, respecto e tolerancia. En base a este precepto, o Comité organizador velará para que as relacións persoais entre todos os participantes (bandas, persoal do auditorio, empresas, autoridades, xurados e integrantes da organización) se desenvolvan nun clima de cordialidade.
5. Cando unha banda non respecte a calquera das persoas ou entidades participantes ou non coopere para garantir a limpeza das salas asignadas ou a integridade das instalacións do auditorio, poderá ser sancionada sen participar no Certame nas vindeiras tres edicións e non terá dereito á percepción das contías económicas establecidas nestas bases, sendo despoxada dos posibles premios asignados.
6. A redacción oficial das bases é no idioma galego a efectos legais. Presentaranse en distintos idiomas, pero os desacordos que xurdan delas serán resoltos con referencia ao texto galego.

Última revisión das bases: 22 de abril de 2025.